

# INFORME MUNICIPAL EN RELACIÓN ÁS CONSULTAS NA AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL SIMPLIFICADA DO PROXECTO LAT 66KV PE COTOS-SE PONTESAMPAIO

## **ASUNTO:**

Consultas na avaliación de impacto ambiental simplificada do proxecto LAT 66kV PE Cotos-SE PonteSampaio, situado nos concellos de Ponte Caldelas, Cerdedo-Cotobade e Pontevedra, provincia de Pontevedra.

(clave: 2021/0171; expediente IN408A 2020/122).

Don Jorge Cubela López en calidade de alcalde do Concello Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), cargo que consta por notoriedade, ante esta dependencia e conforme ao artigo 46 da Lei 21/2013, de 9 de decembro.

## **EXPÓN:**

Á vista da procedemento publicado o 21 de xaneiro de 2022, da Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sustentabilidade e Cambio Climático pola que se somete a consulta a avaliación de impacto ambiental simplificada do proxecto LAT 66kV PE Cotos-SE PonteSampaio, en concreto, das infraestruturas localizadas no concello de Cerdedo-Cotobade, provincia de Pontevedra (clave: 2021/0171; expediente IN408A 2020/122) por medio deste presente escrito, de acordo coas debidas competencias, especialización ou ámbito de actuación, informase e propóñense as seguintes consideracións/alegacións:

**1- O documento non analiza de xeito suficiente as sinerxías e impactos ambientais acumulados producidos pola presenza doutras infraestruturas similares na contorna.**

O documento ambiental adendado non inclúe a avaliación conxunta desta liña de evacuación co parque eólico asociado "Os Cotos", é dicir, os proxectos deberían ser contemplados en conxunto xa que non poden funcionar o un sen o outro. Esta tramitación fragmentada, imposibilita unha análise dos efectos sinérxicos de ámbalas dúas estruturas e as seus impactos sobre do medio ambiente do concello de Cerdedo-Cotobade.

Asemade tampouco se ten en conta a presenza doutros parques eólicos e das súas liñas de evacuación asociadas (instalados actualmente ou en fase de tramitación) localizadas nas proximidades do ámbito de actuación deste proxecto.

Se consultamos o "Registro Eólico de Galicia" da Xunta de Galicia, observamos que nos arredores do ámbito están localizados varios parques eólicos, varios deles dentro do Concello de Cerdedo-Cotobade, coas súas correspondentes liñas de evacuación. No documento só se fai referencia aos aeroxeradores do P.E. Coto Aguado, pero actualmente están instalados e en funcionamento os seguintes parques eólicos Serra do Cando, Monte Seixo-Cando e Pico Touriñán; e en tramitación os P.E. Monte do Pé, P.E. Coto do Carballal, P.E. Portovidros, P.E. Campo das Rosas, P.E. Touriñán III-2 e P.E. As Penizas.

**2- En relación á descrición dos aspectos medioambientais sobre a fauna, concretamente sobre a avifauna, e ao Estudo Anual sobre a Actividade de Aves na LAT do PE dos Cotos debe terse en conta**

No documento ambiental inclúese un apartado relativo á descrición dos aspectos medioambientais que poden verse afectados polo proxecto. Nel analízase a fauna do lugar, facendo especial fincapé na avifauna por ser a máis vulnerable.

En primeiro lugar, respecto dos estudos de avifauna realizados, recoméndase actualizar a nomenclatura científica empregada, xa que

moitos dos nomes están citados coa nomenclatura antiga e non coa vixente o cal supón unha eiva na calidade do informe.

Ademais, analízase as aves presentes (potencialmente) na zona mediante as cuadrículas nas que se enmarca o ámbito de estudo da LAT. Sobre disto faise unha valoración segundo o seu grado de protección e sensibilidade atendendo á información de diferentes catálogos e lexislación aplicable, que nalgúns casos se atopa desactualizada.

No documento tómase como referencia a primeira edición do Libro Vermello de Aves de España (*Madroño, A., González, C. & Atienza, J.C. (Eds.) Seo/Birdlife, 2004*) elaborado pola Dirección Xeral para a Biodiversidade e a Sociedade Española de Ornitoloxía. Este catálogo é de relevante importancia de cara á identificación de especies ameazadas no territorio español e avalía os factores responsables da súa situación actual. Aínda que dito catálogo non é vinculante a nivel legal, é importante resaltar que esta edición se atopa actualmente desactualizada, xa que foi publicada unha nova edición (*López-Jiménez, N. (Ed.). Seo Birdlife, 2021*) na cal se debería apoiar o estudo do proxecto.

Así mesmo, tamén se cita e se toma como referencia para distintas clasificacións en varios puntos do estudo, a coñecida como Directiva de Aves, Directiva Comunitaria 79/409/CEE. O problema neste caso é o mesmo, na actualidade está derogada, sendo substituída posteriormente pola Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 30 de novembro de 2009 relativa á conservación das aves silvestres.

### **3- En relación á posible afección a Espazos Naturais Protexidos existen erros que poñen en dúbida a calidade do EIA.**

Na redacción do texto (4.1.7. ESPACIOS NATURALES PROTEGIDOS) afírmase que as estruturas proxectadas da liña de evacuación non teñen afección e están fora da Rede Canaria de Espazos Naturais Protexidos. Non ten sentido algún facer referencia aos espazos naturais protexidos doutra comunidade autónoma que non sexa a galega, é dicir, polo ámbito no que se atopa o proxecto debería facer referencia á Rede Galega de Espazos Protexidos.

Na extensión do concello de Ceredo-Cotobade atópanse dous espazos protexidos, incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos, aos que se fai referencia no documento como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais, estes son a ZEPVN Río Lérez e a ZEPVN Serra do Cando.

En Galicia existían varios espazos declarados con este tipo de protección polo Decreto 72/2004, do 2 de abril, no que se declaran varios espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais. Pero a publicación da nova Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, supuxo a derogación do anterior decreto, retirándose desta forma a categoría de zonas ZEPVN, pasando estes espazos a ser catalogados como ZEC (Zonas de Especial Conservación) e ZEPA (Zonas de Especial Protección para as Aves). Polo tanto, na actualidade estes dous espazos son Zona de Especial Conservación ZEC Río Lérez e ZEC Serra do Cando. É dicir, a análise dos espazos naturais potencialmente afectados polo proxecto non é correcta, xa que se está a empregar nomenclatura que non está legalmente vixente.

Na seguinte figura, móstranse os espazos naturais protexidos de Ceredo-Cotobade, próximos ao ámbito do proxecto.




Figura 1. Espazos Naturais Protexidos na contorna da liña AT en Ceredo-Cotobade-



#### 4- Non se analiza a afección e o impacto das infraestruturas da liña de evacuación sobre dos terreos comunais polos que transcorre.

No proxecto non se fai mención nin se avalía o impacto que o proxecto da LAT ten sobre os terreos comunais. A liña de evacuación, no seu trazado aéreo, atravesa dous montes veciñais en man común (MVMC), pertencentes ao distrito Caldas-O Salnés, no concello de Ceredo-Cotobade.

Estes dous montes veciñais aos que non se fai referencia no documento ambiental son MVMC Almofrei e MVMC Borela (figura 2).




Figura 2. Montes Veciñais en Man Común (MVMC) na contorna da liña AT en Ceredo-Cotobade.

#### 5- O impacto da LAT sobre os núcleos de poboación próximos non se avalía de xeito adecuado

A construción da liña de evacuación supón unha afección visual e paisaxística e unha serie de impactos socioeconómicos na contorna, afectando a núcleos de poboación do concello de Ceredo-Cotobade.

O trazado da liña discorre próximo a varios núcleos situados na parroquia de San Martiño de Borela (Ceredo-Cotobade). O núcleo de poboación de A Graña é o máis próximo ao trazado aéreo da liña que transcorre polo concello, a menos de 1 km do apoio máis próximo. Pero tamén existen outros núcleos, pertencentes á mesma parroquia, están relativamente próximos ao trazado aéreo da mesma, A Brea, A Costa, A Cavada, A Senra e A Aldea de Abaixo, a menos de 1,5 Km da LAT.

Queda claro que a variable socioeconómica aparece minimizada ao non facer un estudo polo miúdo da afección sobre destes núcleos próximos.

#### **6- O estudo hidrolóxico non avalía as masas de auga subterráneas, acuíferos ou captacións de auga para abastecemento humano.**

O estudo hidrolóxico realizado resulta deficiente nalgúns aspectos, como que non se referencian nin se avalía o estado e calidade das masas de auga subterráneas afectadas ou os acuíferos. Polo tanto, tampouco se avalían posibles afeccións as mesas, sobre todo, na primeira parte do trazado da liña, no concello de Cerdedo-Cotobade, que vai soterrado.

Cabe destacar que Cerdedo-Cotobade está situado sobre a gran masa de auga subterránea "Interior Sur" (COD 014.017) dentro da Demarcación Hidrolóxica Galicia-Costa, que se atopa en parámetros xerais en bo estado segundo os datos consultados no nodo ide demarcación hidrolóxica Galicia-Costa (Augas de Galicia).

Ademais, preto do trazado da liña existen varias captacións de auga, segundo datos de Augas de Galicia, as cales non son citadas, como se pode observar na figura 3. Neste senso compre destacar que, entre os apoios 19 e 20 e a menos de 200 metros, atópase unha captación superficial para abastecemento humano denominada "Campo de Touro".




Figura 3. Captacións de auga para abastecemento humano na área de estudo.

**7- O paso da liña de evacuación implicará una afección á rede hidrográfica cun impacto directo sobre a flora e a fauna ripícola asociada, ao verse esta afectada pola zona de servidume do tendido de alta tensión e pola localización de varios apoios da mesma dentro das zonas de policía de varios ríos.**

Non se analiza con detalle a localización dos apoios, a que vexetación vai afectar e cuantificado a superficie (non se realizou unha cartografía a unha escala de proxecto da situación real).

Polo tanto, o estudo de impacto non contén un inventario exhaustivo do medio natural (flora ripícola e fauna asociada), con apoio de traballo de campo nin unha cartografía con detalle da vexetación real afectada nestas zonas de leitos, o cal vulnera a Directiva Marco del Agua (DMA), así mesmo a Directiva 2006/44/CE del Parlamento Europeo y del Consello do 6 de setembro de 2006 relativa á calidade das augas continentais que requiren protección ou mellora para ser aptas para a vida dos peixes e da Directiva 96/61/CE do Consello, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e ao control integrados de contaminación.






Figura 4. Rede hidrogrfica e zona de polica da rea de estudo.

No proxecto stuanse varios apoios na zona de polica (apoios 14, 15 e 21) e a LAT cruza os regos ou a sua zona de polica entre os apoios: do 8 ao 9, do 13 ao 14, do 14 ao 15 e do 20 ao 21. Como se pode ver nos anteriores esbozos.

Queda detallada na seguinte tboa a relacin das zonas de polica dos leitos afectados.

ID CURSO	NOMBRE	CODMASA	CODRIO
983640003913	S/N	-	-
100379426	Ro Borela	ES014MSPFES-014-NR-273-035-09-00	27303509
10037942562	Rego de Porto Cego	-	27303511
100379426	Ro Borela	ES014MSPFES-014-NR-273-035-09-00	27303509
983610001920	S/N	-	-

As obras deben, ante todo, considerar con especial atencin o citado no Real Decreto 849/1986, del 11 de abril, no que se aproba o Regulamento do Dominio Pblico Hidrulico, que desenvolve os ttulos preliminar I, IV, V, VI e VII de la Ley 29/1985, del 2 de agosto, de Aguas, nos seus artigos:



Artículo 7.

1. La zona de servidumbre para uso público definida en el artículo anterior tendrá los fines siguientes:

- a) Protección del ecosistema fluvial y del dominio público hidráulico.
- b) Paso público peatonal y para el desarrollo de los servicios de vigilancia, conservación y salvamento, salvo que por razones ambientales o de seguridad el organismo de cuenca considere conveniente su limitación.

Artículo 9.º

1. En la zona de policía de 100 metros de anchura medidos horizontalmente a partir del cauce quedan sometidos a lo dispuesto en este Reglamento las siguientes actividades y usos del suelo:

- a) Las alteraciones sustanciales del relieve natural del terreno.
- b) Las extracciones de áridos.
- c) Las construcciones de todo tipo, tengan carácter definitivo o provisional.
- d) Cualquier otro uso o actividad que suponga un obstáculo para la corriente en régimen de avenidas o que pueda ser causa de degradación o deterioro del estado de la masa de agua, del ecosistema acuático, y en general, del dominio público hidráulico.

4. La ejecución de cualquier obra o trabajo en la zona de policía de cauces precisará autorización administrativa previa del organismo de cuenca, sin perjuicio de los supuestos especiales regulados en este Reglamento. Dicha autorización será independiente de cualquier otra que haya de ser otorgada por los distintos órganos de las Administraciones públicas.

No EslA debese incluír unha análise exhaustiva da afección real das zonas de servidume e policía de todos leitos fluviais afectados e recollelos no EslA, considerando na súa realización a exclusión dos devanditos leitos (cauces), zonas de servidume e áreas inundables en todas as obras contempladas polo proxecto, sempre que sexa posible, dando alternativas claras e ben estudadas. Estes estudos hidrolóxicos previos á obra deberán garantir que non haberá unha afección na calidade das masas superficiais de auga implicadas dentro da área global do proxecto e por conseguinte nos acuíferos relacionados.

## **8- A protección da flora e dos hábitats de interese comunitario non é posible debido á súa destrución ou transformación debido ao impacto das obras do proxecto.**

No Anexo 3, apartado 3.4 Labores de desmantelamento:

- Propoñen a sementa con gramíneas e leguminosas, sen embargo parece máis axeitado a sementeira de especies típicas do hábitat prioritario dominante na zona e a súa contorna, como é os **queirogais secos europeos (Hábitat 4030)**, os cales están dominados por Ericas, Callunas, Cistus e Ulex. Especies que se recomendan, e de forma conxunta para xerar a posibilidade de recuperación do hábitat serían: *Erica ciliaris*, *E. cinérea*, *U. europaeus*, *U. gallii*, *U. minor*, *Daboecia cantábrica*, *Calluna vulgaris*, *Pterospartum tridentatum subsp. Cantabricum*, *Erica australis*, *E. lusitanica*, *E. arborea*, *E. umbellata*, *E. scoparia*, *Halimium ocymoides*, *H. umbellatum*, *H. lasianthum*, *Cistus populifolius*, *C. psilosepalus*.
- Tamén sería recomendable que se intentase repoñer a asociación corolóxica da zona, correspondente a asociación **Rusco aculeati-Quercetum roboris**, na cal atopamos entre outras as seguintes especies como: *Quercus robur*, *Ruscus aculeati*, *Lonicera periclymenum*, *Holcus mollis*, *Quercus pirenaica*, *Laurus nobilis*, *Prunus avium*, *Ilex aquifolium*, *Omphalodes nítida*, *Euphorbia*

*amygdaloides, Pyrus cordata, Crataegus monogyna, Viola riviniana, Linaria triornithophora, Prunus spinosa, Luzula forsteri.*

- 9-** Na páxina 18 do anexo II, referido ao Estudo do Impacto e Integración Paisaxística, sinalase que a metodoloxía empregada para isto consistirá na realización dunha conca visual configurada en torno a un radio de 3 quilómetros. Porén, consideramos que estas dimensións non son suficientemente amplas e poden xerar unha minimización das afeccións visuais e paisaxísticas derivadas desta intervención.

Nesta liña, propoñemos a consideración dunha conca visual de polo menos 5 quilómetros, de tal xeito que as afeccións relacionadas queden debidamente estudadas. Deste xeito, os cambios máis significativos residirán nas superficies que se verán afectadas nun ámbito visual e paisaxístico. Así pois, consideramos oportuna unha modificación da metodoloxía empregada para a análise do impacto paisaxístico e, en consecuencia, un cambio nos resultados expostos na táboa e análise situada na páxina 19 do anexo que neste punto nos ocupa (Anexo II: Estudo de Impacto e Integración Paisaxística).

- 10-** Faise necesaria unha maior concreción no que se refire aos procesos de modificación das pistas forestais e camiños existentes para o transporte dos materiais necesarios para a execución e izado dos apoios.

Deste xeito, compre sinalar que as labores de modificación dos viarios de acceso deber ter un maior grao de profundidade. Na páxina 41 do anexo II, centrado no estudo de impacto e integración paisaxística, se apunta a necesidade destas modificacións, sen entrar, non obstante, en detallar estas intervencións. Así pois, consideramos pertinente a inclusión, neste punto, dun maior grao de detalle das labores de modificación dos viarios así como a introdución dunha zonificación pormenorizada das mudanzas previstas.

Así mesmo, na fase de construción, tamén se deben ter en conta certas consideracións relacionadas coa poda de exemplares autóctonos de

frondosas e vexetación de ribeira. Neste senso convén seguir as disposicións desenvoltas no informe técnico elaborado por EDP Energía SAU (2013), centrado na corta de arborado e poda en liñas aéreas de alta e baixa tensión. A seguir expóñense algúns exemplos:

**[Sobre o proceso relativo á xestión de permisos e recoñecemento de traballos]** *Para esta actividade, as labores principais a realizar son:*

- *Elaboración de la relación de propietarios afectados (nombre y apellidos, teléfono, referencia catastral...).*
- *Obtención de los permisos necesarios para la poda y tala de arbolado, tanto particulares como públicos.*
- *Si fuera necesario, obtención de los permisos de acceso.*
- *Tramitación de la documentación necesaria para la gestión del pago de los permisos.*
- *Presentación de la estimación del trabajo a realizar.*
- *Gestión de las posibles reclamaciones. Si la reclamación es motivada por la actuación de la Empresa Contratista, será este quien deba hacerse cargo del pago de la misma (EDP Energía SAU, 2013: 7-8).*

**[Consideracións xerais do proceso de tala e poda de arborado]:**

- *En las operaciones en que solo se efectúe poda de arbolado, se utilizaran hacha, hoz larga, sierra hidráulica o arco de sierra y escalera, con la adopción de los mismos métodos y medidas de seguridad empleados en la corta de arbolado. La poda deberá efectuarse siempre desde la parte baja del árbol hacia arriba.*
- *Dado que el trabajo se circunscribe en las proximidades de instalaciones de A.T., normalmente en tensión, los operarios especializados en estas tareas deberán comunicar al Jefe de Brigada las condiciones peligrosas que observen y las anomalías detectadas en equipos, materiales o instalaciones (EDP Energía SAU, 2013: 11).*



**11-** Na páxina 56 do Anexo II “Estudo de Impacto e Integración Paisaxística” sinálase que se evitou, na medida do posible, que o trazado da liña discorrese por masas de vexetación autóctona de interese, aínda que non se atopen dentro de Áreas de Especial Interese Paisaxístico, seguindo as recomendacións establecidas no Decreto 238/2020, de 29 de decembro, polo que aproban as Directrices de paisaxe de Galicia. Porén, o trazado proposto para a LAT non cumpre dun xeito total con esta pretensión, ao pasar por unha zona destas características.

Neste senso, para o cumprimento dos obxectivos marcados, faise necesario o deseño dunha proposta de actuación alternativa que evite dun xeito maior a afección a este tipo de espazos, de tal xeito que o proxecto sexa consecuente coa visión establecida no estudo e minimize as afeccións que se poden ocasionar. Concretamente, o espazo que require unha reformulación sitúase entre os apoios 8 e 9, no concello de Ceredo-Cotobade (parroquia de San Martiño de Borela), tal e como se expón na figura 5.




Figura 5. Localización do espazo cuberto por especies autóctonas entre os apoios 8 e 9.

**12- Faise necesario unha maior concreción das medidas correctoras, complementarias ás xa existentes, para a protección da fauna durante a fase preoperacional ou de deseño.** Neste senso, resulta pertinente a inclusión das seguintes medidas:

- Instalación de sistemas anticolidión ou salvapaxaros na liña. Estes dispositivos físicos colocaríanse ao longo de todo o trazado aéreo, entre os distintos vanos. En liña con isto, diversas investigacións demostraron que estes obxectos aumentan a visibilidade para as aves e diminúen a mortalidade por colisión ou electrocución. Polo que esta medida poderíase engadir de forma adicional ás xa propostas co fin de mellorar aínda máis a protección de avifauna na fase preoperacional ou de deseño.
- Implementación de niños artificiais (caixas-niño de madeira), que poderían localizarse en algúns dos apoios da LAT. A utilidade destes dispositivos está demostrada xa que favorece a nidificación de certas aves.

**13- Durante a fase de explotación, o plan de vixilancia e seguimento ambiental non establece todas as consideracións pertinentes para a minimización das afeccións derivadas do proxecto.** Así pois, bótanse en falta as seguintes consideracións:

- Coa finalidade de vixiar o impacto sobre a fauna, implementación dun control de colisións e electrocucións, comprobando a incidencia da liña sobre a avifauna mediante controis de maneira mensual durante o primeiro ano de funcionamento.
- Realización de dous visitas mensuais durante os meses de migración de aves. É dicir, nestes meses podería realizarse unha visita na primeira quincena do mes e outra na segunda coa finalidade de duplicar a análise. Estas visitas bimensuais poderían ser substituídas por unha única visita mensual durante o segundo ano de funcionamento, en función dos datos obtidos este primeiro ano.
- Establecemento de controis de nidificación nos apoios durante os dous primeiros anos de explotación para detectar a posible presenza de

niños nas plataformas. Así mesmo, resulta pertinente a realización de controis visuais durante as prospeccións a pé mensuais co obxectivo de coñecer se as caixas-niño instaladas están a ser empregadas, detectando, así, as especies que empregan estes dispositivos e en que zonas.

#### **14- As medidas de protección establecidas para o patrimonio cultural durante a fase preoperacional e deseño resultan insuficientes.**

Nesta liña, estímase convinte o establecemento dun seguimento no ámbito do proxecto por parte dun técnico especializado en arqueoloxía, coa finalidade de supervisar aquelas zonas nas que se levarán a cabo remocións de terras para a cimentación dos apoios. O obxectivo desta cuestión reside na identificación de posibles afeccións a patrimonio cultural non catalogado previamente, o que permitirá o establecemento de modificacións na localizacións dos apoios e do trazado da LAT.

**SOLICITA:**

1.- Que a LAT se tramite seguindo un procedemento de AIA ordinaria dada a dimensión da actuación e o grado de afección territorial do proxecto e se teñan en conta as consideracións anteriormente descritas.\*

2.- Que se teña en conta que o Plan Sectorial Eólico de Galicia é un regulamento que non está adaptado a actual normativa de avaliación de impacto ambiental xa que carece do trámite de avaliación ambiental estratéxica. Así mesmo, tampouco está adaptado ao establecido no Convenio europeo da Paisaxe.

*\* A resolución deste trámite non exime á realización de alegacións en fases posteriores e a solicitude de non construción da LAT PE Os Cotos – subestación Pontesampaio (código de referencia: 2021/0171 – AIA simplificada), dado o impacto que pode supoñer para o territorio en conxunción co proxecto do parque eólico previamente sinalado.*

Cerdedo-Cotobade, a 16 de febreiro de 2022

Asdo.- D. Jorge Cubela López (Alcalde de Cerdedo – Cotobade)

Asdo.- D. Víctor Bouzas Blanco (en representación da consultora TYSGAL SC)



**Tysgal**  
Consultores  
www.tysgal.com  
Avda. Romero Donallo, 27 entlo. A  
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)